



Dona Consuelo Besada Lores, con D.N.I. 76802898X como secretaria do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra, inscrita no Rexistro de Asociacións de Pontevedra da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, correspondéndolle rexistralmente o nº de expediente 2009/0013009-1 (PO).

CERTIFICA:

1º Que na reunión da Xunta Directiva celebrada o día 6 de outubro de 2020, con quorum dabondo e, en segunda convocatoria, adoptáronse os seguintes acordos relativos ao punto sétimo da orde do día:

PUNTO 7º: Exposición e proposta de aprobación de proxectos non produtivos presentados á Segunda convocatoria de axudas da anualidade 2020

1. A Xunta Directiva do GALP Ría de Pontevedra seleccionou provisionalmente os proxectos que considerou prioritarios para a execución da súa Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo, de conformidade cos criterios establecidos nesta e no estipulado na *“Orde de Axudas do 21 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das Estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas para os grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, e se convocan as correspondentes ao ano 2019”*.
2. Todos os membros presentes da Xunta Directiva asinaron antes do comezo da avaliación dos proxectos a declaración de ausencia de conflito de intereses e ausentáronse da mesma, no momento da votación do proxecto, no caso da súa implicación nos mesmos.
3. A Xunta Directiva validou a proposta técnica de resolución das axudas na súa totalidade e, nos casos de empate das puntuacións dos proxectos, aplicouse o punto 10 do artigo 23, fase de instrución, da devandita *Orde de Axudas do 21 de decembro de 2018*.
4. A Xunta Directiva acorda publicar a presente proposta de resolución provisional no taboleiro de anuncios do GALP e na páxina web <https://galp.xunta.gal/e> na do GALP sen incluír datos dos solicitantes, soamente nome, CIF, e código do proxecto, coa advertencia de que esta non crea ningún dereito a favor dos solicitantes propostos estando suxeita á dispoñibilidade orzamentaria de crédito para proxectos produtivos e non produtivos para esta convocatoria 2020 e aos axustes que se produzan no orzamento dispoñible nos diferentes eixes da EDLP do GALP Ría de Pontevedra, segundo establecen a *Orde de Axudas do 21 de decembro de 2018*.
5. A publicación da proposta de resolución provisional contén os seguintes documentos anexos:



- a. Anexo I. Proposta provisional Xunta Directiva de aprobación de proxectos non produtivos Convocatoria 2ª - 2020
 - b. Anexo II. Proposta provisional Xunta Directiva desestimación de proxectos Convocatoria 2ª- 2020.
 - c. Anexo III. Avaliación proxectos non produtivos Convocatoria 2ª-2020.
6. En aplicación da nova Orde de axudas, acórdase tamén outorgar un prazo de alegacións contra esta resolución, de 5 días hábiles contados dende a data da súa publicación.
 7. Unha vez contestadas as alegacións, se as houbera, o GALP Ría de Pontevedra, formulará a proposta de resolución definitiva que será publicada da mesma forma e nos mesmos lugares que a resolución provisional. No caso de non haberlas, esta proposta provisional elevarase a proposta definitiva.

E para que conste expido esta certificación co Visto e prace da presidenta do GALP Ría de Pontevedra en Meaño a 6 de outubro de 2020.

Vº Bº da presidenta,

Dona Consuelo Besada Lores

Dona María del Carmen Vázquez Nores